



SINDICATO DE
TRABAJADORES DE LA
ADMINISTRACIÓN DE
JUSTICIA

SINDICATO INDEPENDIENTE E ESPECIFICO DE XUSTICIA

PAULINO FLORES PAZ, en calidade de Delegado Sindical do Sindicato de Traballadores da Administración de Xustiza (STAJ) Expon:

A día de hoxe o papel cero é unha quimera. Tratar de obviarlo conleva os problemas que se plantexaron noutras localidades. O exemplo máis recente atopámolo nos Xulgados de Tui, onde se ven obrigados a utilizar os arquivos do antigo edificio ao non dispoñer o novo de espazo suficiente.

O mesmo problema reproducirase na Cidade da Xustiza de Vigo; o espazo destinado para arquivos é insuficiente. Proxéctase un inmoble pensando que o papel non existe cando vimos mais dunha vez fotos na prensa dos procedementos acumulados nos corredores por non dispoñer de espazo nos arquivos.

En Tui o problema púidose mitigar coa boa vontade do Corpo de Auxilio e cuns carriños da compra que se utilizan para visitar as vellas instalacións todas as veces que sexa preciso.

A distancia real entre a nova Ciudad da Xustiza e a Rúa Lalín número 4 (sede dos actuais xulgados) son 2 quilómetros con multitude de semáforos peonís. **Creemos que unha das solucións , e non esperar a que xurda o problema , sería a “ valija” xa imposta na cidade da Coruña.**

Que cada órgano xudicial poida utilizar unha aplicación informática para solicitar os procedementos arquivados que necesite e despois devolvelos da mesma maneira para así ter un maior control dos asuntos.

Tamén é certo que para que o sistema de “ valija “ funcione precísase unha organización nos actuais arquivos da Rúa Lalín, os cales serían os encargados de recibir as peticións de procedementos, sacalos do seu lugar no arquivo e unha vez devoltos recolocalos.

Por todo iso desde STAJ interesamos que se dote aos arquivos da Rúa Lalín dos arquivadores necesarios e que se adopten as medidas precisas a fin implantar un sistema de “ Valija” que mitigue os problemas que conlevará a falta de espazo para arquivos na Nova Ciudad da Xustiza de Vigo.

O que non podemos pretender é que os funcionarios do corpo de auxilio xudicial , ademais de atender ás súas funcións diarias asuman a obrigaçión de vir e volver cantas veces for necesario ao arquivo de documentos xudiciais así como ao de pezas de convicción coa consecuente perda de tempo e desatención das súas obrigas.

En Vigo a 22 de Novembro de 2021.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

Rúa Madrid, 2-4, 2º piso – Fontiñas
15781 Santiago de Compostela.-